



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DO PORRIÑO PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO "PLAN ESPAÑA TE PROTEGE CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA" NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU".**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar co Concello do Porriño o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello do Porriño para:

- A adquisición dun inmovible así como a realización de obras de reforma e rehabilitación no edificio para poñer en marcha o primeiro centro de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- Na Comunidade Autónoma de Galicia aproximadamente o 20% das mulleres vítimas de violencia de xénero que necesitan facer uso dun recurso de acollemento presenta problemas graves de adicción ao alcohol ou a outro tipo de substancias estupefacientes, sendo esta unha das principais causas que impide o seu ingreso nalgún dos recursos da Rede Galega de Acollemento. As mulleres vítimas de violencia de xénero, e especialmente as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e de explotación sexual, adoitan sufrir tamén adicións, derivadas





precisamente da extrema situación de violencia á que están expostas a diario, e presentan unhas problemáticas específicas, que precisan dunha atención especializada, centrada nunha primeira etapa no control e superación das adiccións, coa finalidade de poder atallar nunha etapa posterior as secuelas derivadas da situación de violencia de xénero e a súa reincorporación á vida autónoma.

Ao igual que sucede coas mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental, que xa contan cun recurso de aloxamento propio, é preciso dotar á Rede Galega de Acollemento dun recurso específico para as mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción.

Tendo en conta esta situación está prevista a creación dun novo recurso específico para mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción.

Este novo recurso, de titularidade municipal, ubicarase no Concello do Porriño, ao ser este un punto estratéxico a nivel territorial no tráfico de mulleres con fins de explotación sexual, pola súa proximidade coa fronteira con Portugal e pola súa conexión coa zona norte de España e, por ende, co sur de Europa. Así mesmo, virá a completar a Rede Galega de Acollemento na provincia de Pontevedra, que actualmente só conta cun único centro, o CEMVI, pero que supuxo o 40% da ocupación total da Rede Galega de Acollemento durante o ano 2023.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración co Concello do Porriño para o financiamento dos investimentos previstos realizar, é dicir, a adquisición do inmovible e as obras de reforma para poñelo en marcha.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder dispor do primeiro centro de acollida para mulleres vítimas de violencia con problemas de adiccións.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

